

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
Presentación e deseño	O deseño é moi creativo e atractivo, utilizando de forma adecuada imaxes, cores e tipografías. O tríptico ou vídeo é visualmente atractivo e os textos son fáciles de ler.	O deseño é bo, pero con poucos detalles creativos. O uso de imaxes e cores é adecuado, aínda que pode mellorar a presentación.	O deseño é sinxelo ou pouco atractivo. Hai algúns elementos visualmente desordenados ou de difícil lectura ou visionado.	O deseño carece de creatividade, é desorganizado e difícil de ler, ver e comprender.
Estrutura	Cumpriu todas as instrucións do proxecto ao pé da letra. O tríptico ou vídeo está ben estruturado e respecta os requisitos indicados.	Cumpriu a maior parte das instrucións, pero deixou de lado algún detalle menor.	Cumpriu algúns dos requisitos, pero faltan partes importantes ou non respecta todas as instrucións.	Non cumpre coa maioría das instrucións e carece de elementos chave do proxecto.
Contido	Seleccionáronse de maneira moi adecuada os datos máis relevantes con respecto ao tema tratado.	Seleccionáronse de maneira bastante acertada os datos máis relevantes do tema tratado.	Non se seleccionaron de maneira demasiado adecuada os datos máis relevantes do tema tratado.	A selección dos datos máis relevantes do tema tratado foi totalmente inadecuada.

Claridade	O tríptico ou o vídeo é moi claro e facilmente comprensible, cunha estrutura lóxica e ben definida. As ideas están moi ben expostas.	O tríptico ou o vídeo é bastante claro e comprensible, pero algúns puntos poden resultar confusos ou necesitar algo máis de detalle.	O tríptico ou o vídeo é parcialmente claro, pero algúns apartados ou ideas son confusos ou pouco detallados.	O tríptico ou vídeo é difícil de entender, e a organización das ideas non é clara.
Linguaxe	Emprégase en todo o tríptico ou vídeo unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	Emprégase na maior parte do tríptico ou vídeo unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	No tríptico ou vídeo hai partes que non teñen unha linguaxe clara e sinxela e non son fáciles de comprender.	A linguaxe empregada non facilita a comprensión dos contidos.



Rúbrica para avaliar o tríptico do proxecto cREAgal, publícase coa

[Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

